

ISABEL GARCÍA-RODEJA GAYOSO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA: antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da USC, na súa sesión do día vinte e sete de maio de dous mil dez, tomou o seguinte acordo:

**ÚNICO.-** Modificar o apartado de admisión do "Curso Ponte do Grao en Enxeñaría Informática", aprobado por acordo do 25 de marzo de 2009, que queda coa seguinte redacción:

***Admisión:** Para ser admitidos no curso ponte os estudantes deberán ter recoñecidas todas as materias da titulación de Grao en Enxeñaría Informática agás todas ou algunha das que forman o curso ponte. Os Enxeñeiros Técnicos titulados por outras universidades que sexan admitidos para realizar o curso ponte e non teñan acreditadas as competencias de todas as materias da titulación de Grao, tal como se establece no apartado anterior, poderán ter que cursar outras materias distintas ás que integran o curso ponte. Para estes efectos, a comisión de validacións do centro, previo exame dos estudos cursados, determinará para cada alumno as materias que deberán cursar para completar os estudos do Grao, que poderán ser distintas ás que integran o curso ponte. O número total de créditos que deberán cursar estes alumnos para completar os estudos de Grao non poderá ser superior ao número total de créditos do curso ponte.*

E para que así conste, asino a presente certificación, en Santiago de Compostela, a un de xuño de dous mil dez, co Visto e Prace do Sr. Reitor.

O Reitor  
(P.D. do 27 de maio de 2010)  
A vicerreitora de Investigación e Innovación

M<sup>a</sup> José Alonso Fernández

